



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE TURISMO E CULTURA

Aprobación definitiva do Regulamento do Consello de Turismo da Provincia de Lugo

En sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Deputación de Lugo con data 30 de xaneiro de 2018, aprobouse inicialmente o regulamento o Consello de Turismo da Provincia de Lugo.

O citado acordo, xunto con expediente da súa razón, foron expostos a información pública durante un prazo de 30 días mediante anuncio inserto no BOP de Lugo de 27 de febreiro de 2018 para a presentación de reclamacións e suxestións; non presentándose ningunha durante dito prazo e de conformidade co establecido no citado acordo plenario, enténdese o citado regulamento definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo.

De conformidade co mesmo e, en cumprimento co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, faise público o seu texto íntegro cuxo contido é o que segue:

REGULAMENTO DO CONSELLO DE TURISMO DA PROVINCIA DE LUGO

Preámbulo

O turismo é unha actividade que pode contribuír positivamente ao desenvolvemento do territorio. Non obstante, hai que ter en conta que o mercado turístico caracterízase polo seu dinamismo, a forte competencia entre destinos e pola gran diversidade de produtos turísticos. Neste contexto, cada destino debe de levar a cabo as actuacións que máis se axusten ás súas características intrínsecas así como á demanda actual co fin de lograr ser máis competitivo e alcanzar un bo posicionamento no mercado.

A Provincia de Lugo conta cun amplo e rico patrimonio cultural, natural e gastronómico que a converten nun territorio cun alto potencial turístico. De feito, nos últimos anos a tendencia da demanda é á alza, o que denota un importante esforzo realizado tanto polo sector público coma polo sector empresarial. Non obstante, sen perxuízo dos logros alcanzados, aínda queda un importante camiño por percorrer para aproveitar de maneira integral e sostible os seus recursos endóxenos a través do impulso de novas iniciativas que busquen a implicación de tódolos axentes locais.

O Plan estratéxico de Turismo da Provincia de Lugo 2017-2020, promovido pola Deputación de Lugo, é un documento que pretende ser a folia de ruta que permita ao territorio que conforma a Provincia de Lugo posicionarse no mercado e chegar a un maior número de turistas e visitantes que poidan coñecer a riqueza da zona e acondionala para que cumpra coas expectativas do visitantes convertendo ao territorio nun destino sostible e de calidade.

No marco deste Plan Estratéxico, unha das principais liñas de actuación é a referida ao impulso da gobernanza turística a través de diferentes estruturas de xestión, prevendo a creación dun ente turístico provincial de carácter participativo e consultivo que traballe en prol do desenvolvemento consensuado dos plans de actuación e da promoción conxunta da marca do destino. Todo iso co obxecto de articular os diferentes axentes da cadea de valor turística para xerar compromiso, aliñar os obxectivos e colaborar en proxectos asegurando un bo funcionamento do modelo turístico.

Art. 1: Creación

A creación do Consello Provincial de Turismo realizarase por acordo plenario da Deputación de Lugo.

A súa duración terá carácter indefinido dende a súa creación, agás que se acorde a súa disolución e sen perxuízo dos cambios que se poidan producir na súa composición.

Art. 2: Ámbito de actuación

As funcións e decisións adoptadas polo Consello Provincial de Turismo circunscríbense ao territorio da provincia de Lugo.

Art. 3: Natureza:

O Consello Provincial de Turismo é un órgano colexiado de carácter consultivo e de asesoramento que ten por obxecto canalizar a participación social dos axentes turísticos públicos e privados do territorio no deseño e na

execución consensuada da política turística local co fin de crear sinerxías e impulsar o desenvolvemento sostible e a mellora continua do sector na provincia de Lugo.

Art. 4: Obxecto:

O Consello provincial de turismo ten as seguintes funcións:

- Asesorar ao goberno provincial en materia turística.
- Presentar iniciativas turísticas propias e recibir, analizar e debater outras propostas que sexan presentadas á Deputación.
- Realizar o seguimento da execución dos plans de desenvolvemento turístico.
- Contribuír á formulación de instrumentos de planificación turística.
- Orientar e deseñar actuacións destinadas á mellora e desenvolvemento da oferta turística para a satisfacción e incremento da demanda.
- Emitir informes e propostas sobre temas da súa competencia.
- Constituírse como comisión de avaliación dos proxectos de desenvolvemento turístico e traballos de investigación sobre materia turística na provincia de Lugo.
- Propoñer e avaliar candidaturas aos premios provinciais de turismo.
- Analizar e valorar os datos e estatísticas do sector na provincia de Lugo.
- Presentar un informe anual das súas actuacións.
- Aquelas outras funcións que, dacordo coa constante evolución do sector, podan serlle asignadas no futuro.

Art. 5: Composición:

A composición do Consello Provincial de Turismo será aberta, quedando inicialmente integrado por:

Presidente: Presidente da Deputación de Lugo

Vicepresidente: designado pola Presidencia.

Secretario: o da Corporación.

Vocais:

- Dous representante do Grupo Político PSdG- PSOE
- Un representante do Grupo Político do BNG
- Dous representantes do Grupo Político do Partido Popular.
- Un representante de cada xeodestino constituído: Presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense, Presidente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, un representante do Xeodestino Lugo-Terra Chá e un representante do Xeodestino Ancares- Courel.
- Un experto de recoñecido prestixio do ámbito do Turismo, nomeado a proposta do Consello.
- Un representante da Univesidade de Santiago de Compostela (Campus de Lugo).
- Un representante do Cluster de Turismo de Galicia.
- Un representante da Axencia de Turismo de Galicia.
- Un representante da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago na Provincia de Lugo.
- Un representante da Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería.
- Un representante da Federación Galega de Comercio.
- Un representante da Asociación Galega de Axencias de Viaxes.
- Un representante de APIT Galicia.
- Un representante da Asociación de Consumidores e Usuarios da Provincia de Lugo (ACUL).
- Un representante de Balnearios de Galicia.
- Un representante da Federación Galega de Turismo Rural.
- Un representante de Auxilia.
- O Xefe da Área de Turismo da Deputación de Lugo.

Dado o carácter aberto do Consello Provincial de Turismo, previa solicitude, poderán incorporarse novas vocalías en representación de institucións ou colectivos do sector a nivel provincial, correspondendo ao Pleno do Consello a súa aceptación ou denegación.

Os colectivos do sector que integrarán as vocalías designarán, dentro do prazo que se estableza, a persoa que os represente no consello provincial de turismo, así como un suplente.

A Presidencia será substituída pola Vicepresidencia en caso de vacante, ausencia ou enfermidade. Os restantes vocais poderán ser substituídos pola persoa designada como suplente. O Secretario será substituído polo funcionario que designe a presidencia.

A Presidencia poderá convidar a participar nas reunións a outros representantes do sector, tanto do eido empresarial, asociativo, político ou expertos de recoñecido prestixio cando o considere convinte pola natureza dos temas a tratar, con voz pero sen voto.

A condición de membro do Consello Provincial de Turismo perderase por renuncia, falecemento ou enfermidade, expiración do mandato, cese do cargo que determinou o seu nomeamento.

A representación no Consello Provincial de Turismo terá unha duración de catro anos, podendo ser reelixidos, se fose o caso.

Se algún membro perde a condición de representatividade do sector tanto no ámbito empresarial, asociativo ou político, deberá comunicar esta circunstancia, así como a identidade do novo vocal proposto para a súa representación no prazo dun mes.

A asistencia e participación nas sesións do Consello Provincial de Turismo poderá dar lugar ás correspondentes indemnizacións derivadas dos desprazamentos dos seus membros.

Art.6: Funcións da Presidencia

- Representar o Consello.
- Convocar, presidir e moderar as sesións plenarias.
- Velar polo cumprimento do presente regulamento.
- Decidir os empates con voto de calidade.
- Dispoñer o cumprimento dos acordos do Consello.
- Nomear e cesar os integrantes do Consello.
- Autorizar os acordos do pleno coa súa sinatura.
- Calesquera outras funcións que sexan inherentes á súa condición.

Art. 7: Funcións da Vicepresidencia

- Substituír á Presidencia no caso de vacante, ausencia ou enfermidade.
- Presidir, no seu caso, as mesas de traballo.
- Substituír á Presidencia en cantas funcións sexan encomendadas por esta.

Art. 8: Funcións da Secretaría

- Asistir ás sesións e levantar a correspondente acta.
- Dar traslado á convocatoria das sesións.
- Expedir as certificacións dos acordos, propostas ou informes do Consello.
- Despachar coa Presidencia os asuntos a tratar nas sesións.
- Preparar os asuntos para o seu coñecemento por parte dos membros do Consello.

Art. 9: Funcionamento e réxime de sesións

O Consello provincial de turismo funcionará en pleno, podendo constituírse comisións de traballo para tratar determinados temas cuxa natureza ou complexidade precisen de ser preparados antes do seu sometemento ao pleno. Ditas mesas terán unha composición que será aprobada por acordo do Consello en función das necesidades que xurdan no transcurso da xestión turística provincial.

Corresponde á Presidencia, ou cargo no que delegue, a convocatoria das sesións, da que se poderá dar traslado aos membros do Consello por correo electrónico cunha antelación mínima de 8 días.

As sesións extraordinarias poderán convocarse pola Presidencia ou cargo no que delegue, cunha antelación mínima de 8 días.

O pleno reunirse en sesión ordinaria 2 veces ao ano e en sesión extraordinaria en calquer momento cando así o decida a presidencia ou cando o soliciten cando menos un terzo dos seus membros previa solicitude por escrito e debidamente motivada dirixida ao presidente.

A sesión constitutiva terá lugar no prazo máximo dun mes contado a partir da data do nomeamento da metade seus membros.

Para a sesión constitutiva será necesaria a presenza, ademais do presidente, secretario e do Xefe da Área de Turismo e Cultura, dun terzo dos restantes membros.

O pleno quedará constituído en primeira convocatoria cando concorran cando menos a presidencia, secretario e dous terzos dos restantes vocais.

En segunda convocatoria, o pleno quedará constituído cando estén presentes, cando menos, o presidente, secretario e un terzo dos restantes vocais.

As sesións do pleno serán públicas, non estando permitida a intervención dos asistentes que non formen parte do consello ou non fosen convocados pola presidencia.

De cada sesión levantarase a correspondente acta asinada polo secretario e co visto e prace da presidencia.

No restante, o funcionamento do consello provincial de turismo rexerese polo disposto na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia e na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no que atinxe aos órganos colexiados.

Art. 10: Adopción de acordos

Os acordos tomarán a forma de propostas e adoptaranse por maioría simple. Os empaten dirimiranse co voto de calidade da presidencia.

Non poderá ser obxecto de acordo ningún tema non incluído na orde do día.

Dada a natureza consultiva do consello provincial de turismo, as propostas terán carácter non vinculante, mais serán tidas en conta á hora de orientar as actuacións en materia turística no territorio.

Art. 11: Comisións de traballo

As comisión de traballo estarán formadas por membros do consello, podendo formar parte das mesmas outros expertos, profesionais ou representantes de colectivos ou do sector público que sexan adecuados en función da temática das mesmas.

No acordo de constitución das comisión de traballo determinarase o asunto ou asuntos sometidos ao estudo, composición e duración, así como a persoa coordinadora.

Art. 12: Sede

A sede do consello provincial de turismo será o pazo provincial de San Marcos, podendo reunirse en outra ubicación -motivadamente- e sempre a proposta da Presidencia.

Disposicións finais

1. Entrada en vigor:

O Regulamento do Consello Provincial de Turismo entrará en vigor aos 15 días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 24 de abril de 2018

O Presidente.- P.D. Decreto de data 24-02-2017 O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón. O Secretario Xeral, Cristóbal Víctor Fraga Bermejo.

R. 1150

CONCELLOS

FRIOL

Anuncio

Detectado un erro no Anuncio publicado no BOP número 089, de data 19 de abril de 2018, sobre exposición ao público da aprobación inicial dos padróns das taxas de abastecemento de auga, recollida do lixo e tratamento e eliminación de residuos, do primeiro trimestre de 2018, de xeito que, donde dí "*Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día once de abril do corrente, ...*" debe dicir "*Por Decreto da alcaldía de data nove de abril do corrente, ...*".

Esta corrección non interrompe o prazo de exposición pública, que remata o día 10 de maio de 2018.

Friol, 24 de abril de 2018.- O Alcalde, José Ángel Santos Sánchez.

R. 1121

GUITIRIZ

Aprobado por Decreto da Alcaldía o padrón do 1º trimestre do ano 2018 correspondente a auga, lixo, canon e sumidoiros, por medio do presente faise público que durante o prazo dun mes, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, queda de manifesto nas oficinas do Concello de Guitiriz, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente padrón, poderá interpoñerse con carácter preceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública do correspondente padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón de auga, lixo, canon e sumidoiros correspondentes ao primeiro do 2018, terá lugar dende o día 23/04/2018 ao 26/06/2018 (ambos incluídos).

O cobramento efectuarase nangunhas das seguintes modalidades:

- a) Nas dependencias municipais de recadación, en horario laboral de luns a venres, de 9 a 14 horas.
- b) Mediante o sistema de domiciliación bancaria, segundo os datos facilitados polos suxeitos pasivos e que obren nesta Administración.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no citado artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, as débedas relativas á auga, lixo e sumidoiro faranse efectivas pola vía de constrinximento e serán esixibles os recargos do período executivo e xuros de demora que correspondan, tal como se estipula nos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e, se é o caso, as custas que se produzan.

Se o canon da auga non se fixera efectivo no período voluntario sinalado, suporá a exixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, faise saber que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o padrón.

Guitiriz, 19 de abril de 2018.- A Alcaldesa, Regina Polín Rodríguez

R. 1122

LOURENZÁ

Anuncio

Exposición pública do Padrón das Taxas polo Servizo de Subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de vertedura e saneamento.

Configurado pola empresa concesionaria do servizo de subministración domiciliar de auga potable e saneamento, o padrón das taxas polos servizos de subministración de auga, conservación de contadores, canon da auga, coeficiente de verteduras e saneamento, correspondente ao 1º trimestre de 2018, o citado padrón estará a disposición do público durante 15 días a contar dende a data de publicación do presente anuncio no BOP na Oficina de ESPINA & DELFÍN, S.L. sita na rúa Ponte de Cuñas 11 (Recinto Feiral) en horario de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais, para que os interesados poidan examinalo, e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas.

Contra os recibos que contén o padrón poderá formularse perante a Sra. Alcaldesa, o recurso de reposición previo ao contencioso - administrativo do artigo 14.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes que se contará dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, nos termos previstos en dito precepto legal. Polo que respecta ao canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económica - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia tamén no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación consonte co disposto no artigo 49.7 do Decreto 136/2012 polo que se aproba o regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais.

Neste senso, a publicación no Boletín Oficial da Provincia deste anuncio, produce efectos: de notificación expresa ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria; e de anuncio

de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o regulamento xeral de recadación.

O pago poderá efectuarse nas oficinas da empresa ESPINA & DELFÍN, S.L. abertas ao público de 12:00 a 14:00 horas, os luns, mércores e xoves, e os días 9 e 28 laborais.

Transcorrido o período voluntario de pago establecido, ata o 30 de xuño de 2.018, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e as custas que se produzan. Polo que respecta ao canon da auga a vía de constrinximento será realizada pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Lourenzá, 20 de abril de 2018.- A ALCALDESA, Rocío López García

R. 1123

RIBAS DE SIL

Anuncio

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE RIBAS DE SIL, AO ABEIRO DO PROGRAMA DEPUEMPREGO 2017 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

1.- OBXECTO.

1.1. Obxecto: Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección mediante o sistema de concurso e concurso-oposición de **TRES (3) PEÓNS e UN (1) OFICIAL DE PRIMEIRA CONDUTOR.**

A convocatoria realízase ao abeiro do Programa Depuemprego incluído no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017 da Excma. Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 074 do 30 de marzo de 2017), vista a necesidade deste concello de contratar persoal en réxime laboral temporal para facer fronte ás necesidades dos servizos municipais.

As tarefas que desenvolverá o persoal que se contrate ao abeiro deste programa, encadraranse en **servizos públicos esenciais para acondicionamento, mantemento dos servizos básicos municipais e obras de reparación en xeral.** Servizos todos eles prestados directamente por este Concello e que de xeito urxente e inaprazable deben ser prestados aos veciños en niveis óptimos de calidade sen esquecer que o propio fomento do emprego e desenvolvemento local é por si só un servizo público esencial que de xeito urxente e inaprazable debe ser abordado habida conta da porcentaxe de desempregados que vai en aumento neste Concello.

Os contratos de traballo serán de catro meses e medio computados desde a data de finalización do proceso selectivo e formalización do contrato, que se realizará coa maior celeridade posible.

As retribucións dos postos que se ofertan axustaranse ás contías establecidas na Planteilla de Persoal do Concello de Ribas de Sil (Anexo de Persoal dos Orzamentos definitivos cara o exercicio 2017).

1.2. Normas de aplicación: As probas selectivas regularanse polo previsto nas presentes bases e no Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2017 (BOP núm. 074 do 30 de marzo de 2017) e no non previsto nelas, polo establecido na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 30/84, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 13 de xuño; na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; con carácter supletorio tamén se aplicará o Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia no que non se opoña á Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

1.3. O sistema de selección:

1.- Peóns: concurso.

2.- Oficial de Primeira Condutor: concurso - oposición

1.4. A presente convocatoria e as bases, publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Ribas de Sil, así como na páxina web da Excma. Deputación Provincial de Lugo e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

2.- TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO.

O contrato laboral que se formalizará coas persoas seleccionadas será a xornada completa, de duración determinada (catro meses e medio), na modalidade de obra ou servizo determinado previsto no artigo 15.1 a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, polo que se aproba o Texto

Refundido do Estatuto dos Traballadores (TRET) e no artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro.

3.- FUNCIONES.

3.1.- Peóns: Traballos urxentes e inaprazables a desenvolver en relación ás obras ou servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, tales como mantemento dos servizos básicos municipais e obras de reparación en xeral.

3.2.- Oficial de Primeira Conductor: Traballos urxentes e inaprazables a desenvolver en relación ás obras ou servizos prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, tales como mantemento dos servizos básicos municipais e obras de reparación en xeral. Especificamente, o para o desempeño desde posto é necesario posuír con carnet de conducir C que o capacitaría como apto para a conducción dos seguintes vehículos municipais: Camión de Lixo, Tractor desbrozadora con brazo lateral, Turismos e Pickups, Camión de Incendios, Todoterreos e calesquera outros dos que dispoña esta Administración nos termos indicados e co carnet referido.

4.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

4.1.- REQUISITOS XERAIS

Para participar no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican segundo o establecido no artigo 56 do EBEP, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

a) Nacionalidade:

a.1) Ter a nacionalidade española.

a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación.

c) Idade: ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Titulación: Non se esixe estar en posesión de ningunha das titulacións do sistema educativo.

4.2.- REQUISITO ESPECÍFICO DO Oficial de primeira conductor: estar en posesión do carnet de conducir C.

5.- SOLICITUDES.

5.1. A solicitude para tomar parte nas correspondentes probas selectivas axustarase ós modelos que figuran como Anexo I (peóns) ou Anexo II (oficial de primeira conductor), que se facilitarán no Rexistro Xeral do Concello e dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello de Ribas de Sil, no prazo de cinco (5) días hábiles contados dende a publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web.

Xunto coas instancias solicitando participar no proceso, deberá presentarse a seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

a) Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de residencia.

- b) Declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separado/a do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer función similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo os modelos que figuran nestas bases como Anexo IV.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada polo/a aspirante, de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidades recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- c) Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos que os/as aspirantes aleguen para a súa valoración no concurso e os documentos xustificativos, segundo establecido na base oitava (relación de méritos - Anexo III).

5.2. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral de entrada do Concello de Ribas de Sil.

Poderanse, así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución, no prazo máximo de 2 días hábiles, declarando aprobada a lista provisoria de admitidos/as e excluídos/as. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos da casa do Concello, sinalándose un prazo de dous (2) días hábiles contados a partires do seguinte ao da publicación da resolución para que os aspirantes excluídos poidan emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Na publicación indicárase o nome e apelido, e DNI dos aspirantes, para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de correccións entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos e excluídos.

